

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE INTERCENTROS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA

1. OBXECTO
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN
3. DEFINICIÓNS
4. DESENVOLVEMENTO
 - 4.1. Creación do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros
 - 4.2. Estructura e Composición
 - 4.3. Funcións do Comité Intercentros
 - 4.4. Funcións dos membros
 - 4.4.1. Presidente
 - 4.4.2. Secretario
 - 4.4.3. Vocais
 - 4.5. Réxime de funcionamento
 - 4.5.1. Tipos e periodicidade das reunións
 - 4.5.2. Convocatorias
 - 4.5.3. Constitución do Pleno
 - 4.5.4. Asistentes as reunións
 - 4.5.5. Actas de reunión
 - 4.5.6. Adopción de acordos
 - 4.6. Obrigas e garantías dos membros
 - 4.7. Necesidades de recursos
5. DOCUMENTOS E REXISTROS
6. DIAGRAMA DE FLUXO

1. OBXECTO

O obxecto do presente regulamento é establece-la composición e defini-las normas de actuación do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, como órgano paritario de consulta e participación dos traballadores sobre dos temas de carácter xeral en materia de acción preventiva dentro do ámbito da Administración Xeral da XUNTA DE GALICIA.

2. AMBITO DE APLICACIÓN

O descrito neste procedemento e de aplicación a tódolos integrantes do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros creado na XUNTA DE GALICIA.

3. DEFINICIONS

- ✎ **Comité de Seguridade e Saúde Intercentros(CSSI):** órgano paritario de participación e consulta creado en representación de tódolos Comités de Seguridade e Saúde para decidir sobre dos temas de carácter xeral en materia de prevención de riscos laborais.

- ✎ **Servicio de Prevención de Riscos Laborais (SPRL):** órgano interno responsable de realizar as actividades preventivas, creado por decreto para dar cumprimento a lexislación vixente e garantir a adecuada protección da seguridade e saúde dos traballadores empregados ó servicio da administración da XUNTA DE GALICIA.

4. DESENVOLVEMENTO

4.1 **Creación do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros**

A Resolución do 14 de xullo de 2004 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro e publicación, no Diario Oficial de Galicia, do “Acordo sobre dereitos de participación do persoal ó servizo da Administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais”, recolle a existencia de 22 Comités de Seguridade e Saúde, mais 1 para a Administración de Xustiza.

Co total de 23 comités de seguridade e saúde, na práctica faise difícil poder levar a cabo o desenvolvemento e implantación dos programas de acción preventiva que define a XUNTA DE GALICIA ó través do SPRL, toda vez que calquera acción neste campo deberá ser consultada nos Comités de Seguridade e Saúde.

Deste xeito, créase Comité de Seguridade e Saúde Intercentros como máximo órgano de participación paritaria con funcións de consulta e información sobre dos temas de carácter xeral en materia de acción preventiva levada a cabo polo SPRL da XUNTA DE GALICIA.

4.2 Estructura e Composición

O Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, como órgano paritario de consulta e participación nos aspectos da política preventiva de carácter xeral, está composto por oito membros estruturados da seguinte forma:

- ❖ En representación dos traballadores désígnanse un por cada sindicato representado na mesa sectorial. (en total 4)
- ❖ En representación da Administración désígnanse outros catro compoñentes, que serán nomeados polo Secretario Xeral da Consellería de Presidencia, RRII e A.P.

Actuará como *Presidente* do CISS un representante de Administración Pública.

Actuará como Secretario, aquel dos representantes sindicais elixido por eles.

As vacantes producidas serán cubertas polo órganos afectados.

4.3 Funcións do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros

O Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, ten coma función básica a consulta e participación sobre dos temas de carácter xeral en materia de prevención de riscos laborais que afecten ós traballadores ó servicio da XUNTA DE GALICIA. O seu ámbito de competencia esténdese a tódolos Comités de Seguridade e Saúde.

Coma funcións específicas que se lle asignan, están as seguintes:

Revisión e informe de documentación:

O CSSI e o órgano responsable de **coñecer e informar** os seguintes aspectos:

- *O Plan de Prevención de Riscos Laborais da Administración Xeral da Xunta de Galicia.*
- *Metodoloxía utilizada para a avaliación de riscos laborais.*
- *Deseño dos programas de vixilancia da saúde adaptados ós riscos e a avaliación dos resultados.*
- *Planificación anual de actividades.*
- *Memoria anual do SPRL.*
- *Informe de sinistralidade anual.*

Comités de Seguridade e Saúde:

Con respecto dos Comités de Seguridade e Saúde, o CSSI e o responsable de:

- *Actuar en representación de tódolos Comités tratando os asuntos que polo seu alcance o precisen.*
- *Definir un único regulamento de funcionamento de aplicación a tódolos Comités de Seguridade e Saúde.*

Outros órganos de decisión e representación:

O CSSI ten a responsabilidade de estudar as propostas en materia de seguridade e saúde laboral remitidas polos órganos competentes en materia de seguridade e saúde laboral.

4.4 Funcións dos membros

4.4.1 Presidente

Son funcións do Presidente do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde, as seguintes:

- a) Ostenta-la representación do Comité Intercentros.
- b) Acorda-la convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixa-la orde do día, segundo o disposto no presente regulamento.
- c) Presidi-las sesións e modera-lo debate.
- d) Visa-las actas e certificados dos acordos.
- e) Calquera función inherente a condición de Presidente.

4.4.2. Secretario

Son funcións do Secretario do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, as seguintes:

- a) Efectua-la convocatoria das sesións por orde do Presidente do Comité.
- b) Recibi-los actos de comunicación dos membros e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- c) Redacta-las actas de cada sesión e expedir certificados dos acordos adoptados.
- d) Custodia-la documentación relativa ó CSSI.
- e) Calquera outra función inherente a condición de Secretario do Comité.

4.4.3 Vocais

Correspóndelle ós vocais do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de 10 días para as sesións ordinarias, a convocatoria, contendo a orde do día das reunións.
- b) Participar nos debates das sesións e efectuar propostas de actuación.
- c) Formular propostas da orde do día das sesións coa debida antelación, así como rogos e preguntas.
- d) Recibi-la información que precise, por escrito, para o desempeño das súas funcións.
- e) Exerce-lo seu dereito a voto e formula-lo seu voto particular, así como expresa-lo seu sentido de voto e os motivos co xustifican.

4.5 Réxime de funcionamento

4.5.1. Tipos e Periodicidade das Reunións

O Comité de Seguridade e Saúde Intercentros reunirse en sesión ordinaria trimestralmente. Tamén poderán reunirse en sesións extraordinarias, sempre ca convoke o seu Presidente, por iniciativa propia ou a pedimento dun dos membros ou dos asistentes, e en particular o SPRL.

4.5.2. Convocatorias

Tódalas convocatorias de reunión, tanto ordinarias coma extraordinarias, serán feitas por escrito por orde do Presidente do Comité Intercentros, cunha antelación mínima de 7 días naturais.

A tramitación das convocatorias será feita polo Secretario do Comité Intercentros, e incluírá a orde do día cos puntos a tratar e aquela documentación necesaria para o seu estudo previo á reunión.

4.5.3 Reunións do Comité de Seguridade e Saúde Intecentros

Celebrarase a reunión do Comité Intercentros sempre cando concorran o Presidente e Secretario do mesmo, ou quen os substitúa, e polo menos, a metade de cada unha das partes.

4.5.4. Asistentes ás reunións.

Cada unha das representacións que compoñen o Comité Intercentros pode ser asistida por asesores, en función dos asuntos a tratar na orde do día da

correspondente convocatoria. A participación destes asesores limitarase ó asunto concreto.

Así mesmo, o Presidente do Comité Intercentros, en función dos asuntos a tratar, poderá convidar a persoas doutros órganos da administración, ou mesmo alleas, sempre e cando considerase cas súas aportacións poderían ser de utilidade a hora de tomar acordos.

A solicitude de presenza de asesores externos, realizarase por escrito dirixido ó Presidente do Comité Intercentros nas cuarenta e oito (48) horas previas a reunión ordinaria. Nas reunións extraordinarias urxentes, poderase realizar a solicitude de forma verbal ó comezo da reunión.

4.5.5. Actas de Reunión

O Secretario do Comité Intercentros tramitará a acta de cada reunión, recollendo na mesma tódolos asuntos tratados e os acordos, así como os puntos nos que non se chegase a acordo por motivos da discordancia.

As actas de cada reunión aprobaranse no inicio da seguinte sesión.

4.5.6. Adopción de acordos

O Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Intercentros adoptará os acordos por consenso ou por sistema de votación, sendo necesario no seu caso, a maioría simple dos votos.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo, ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros do

Comité Intercentros e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Aqueles asuntos sobre dos que o Comité Intercentros adoptara unha determinación ou que obtivera unha solución definitiva, non poderán ser reiterados, , salvo que se evidencien novos aspectos que non houberan sido contemplados no momento da súa discusión.

O Comité Intercentros esta facultado para realiza-lo seguimento da posta en práctica dos seus acordos o través da petición razoada da información necesaria ás unidades orgánicas e administrativas competentes.

4.6 Obrigas e garantías dos membros

Os compoñentes e asistentes ó Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, deberán garda-lo correspondente sivilo profesional das informacións ás que tivesen acceso por mor da súa actuación.



Os membros do Comité Intercentros, en representación dos traballadores, gozarán das garantías legalmente establecidas na LPRL e normativa de desenvolvemento.

4.7 Recursos para o funcionamento

A dotación de recursos do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros, así como a necesaria formación dos seu membros, deberán ser proporcionados polo Servicio de Prevención de Riscos Laborais, ademais custodiará a documentación.

5. DOCUMENTOS E REXISTROS

Os documentos e rexistros xerados en cumprimento das funcións e responsabilidades descritas no presente procedemento, son:

-  Acta de convocatoria
-  Acta de reunión

Remítanse copias das actas aprobadas a tódolos membros e ó SPRL.